

OS NOMES DOS COGOMELOS (I)
Introdución e nomes non específicos
por
M.LAGO-ÁLVAREZ*

LAGO-ÁLVAREZ, M., 2007. Os nomes dos cogomelos (I). Introdución e nomes non específicos. *Mykes* 10: 81-85.

RESUMO:

Realízase unha compilación e análise dos nomes dos cogomelos e refráns relacionados na comunidade autónoma galega.

Palabras clave: nomes fungos, nomes cogomelos, etimoloxía, fraseoloxía, Galicia.

LAGO-ÁLVAREZ, M., 2007. The mushroom's names (I). Introduction and unspecific names. *Mykes* 10: 81-85.

SUMMARY:

An etymological survey of Galician fungal names and proverbs is reported.

Key words: fungal names, Galician fungal names, etymology, proverbs, Galicia.

INTRODUCCIÓN

En termos xerais poderíamos dicir que Galicia non posúe tradición no consumo de cogomelos (CASTRO, 2000). Así os nomes xerais cos que se referir aos cogomelos son con frecuencia despectivos: pan de lesma, pan do demo, pan de cóbrega... que pon de manifesto a micofobia histórica do noso pobo por este recurso. Así a todo, unha espreita máis detallada amosa unha herdanza tanto en léxico como en tradicións vencellada aos cogomelos.

No presente artigo tratarase de compilar a información dispoñible en relación cos nomes galegos dos fungos. Para este fin, fíxose uso de dicionarios da lingua galega e castelá (ALONSO, 1995; CARBALLEIRA *et al.*, 2001; CARBALLEIRA *et al.*, 2002; NOIA *et al.*, 1997; PENA *et al.*, 2000; R.A.E., 2001; SANTAMARÍA, 2003),

*Apdo. 4063. E-36207-Vigo. e-mail: marcoslago@edu.xunta.es. Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire.

así como dos poucos traballos realizados ao respecto (CASANOVA, 1990; FONT QUER, 1960; GARCÍA ROLLÁN, 1996; RUIZ LEIVA, 2000 e RUIZ LEIVA, 2002) e diversas guías de cogomelos en lingua galega (CASTRO et FREIRE, 1990; CASTRO, 2000; FERNÁNDEZ DE ANA MAGÁN et RODRÍGUEZ, 2000; FREIRE et al., 1994; GÓMEZ et FRANCO, 1992).

A CULTURA DOS COGOMELOS EN GALICIA

Xeralmente os pobos non son indiferentes a estes seres vivos, polo que se desenvolven dúas conductas cara este recurso natural. Pódese diferenciar polo tanto entre **micófagos**, aqueles que empregan algúns deles como recurso alimentario, e **micófobos**, os que sen aparente xustificación rexeitan todo tipo de fungo, tanto comestible como non.

En xeral cando se fala de Galicia adóitase considerar toda ela por igual como esencialmente micófoba. Sen embargo, baixo esta aparente uniformidade, agóchanse marcadas diferencias a nivel comarcal. Así podemos atopar certa tradición no consumo dun reducido número de especies no interior de Galicia, especialmente nas comarcas da Limia, Monterrei, Valdeorras, O Bolo, Quiroga e Monforte. Nestas localizacións é onde se recolle a meirande parte dos nomes específicos de cogomelos, chegando nalgúns casos a recibir distintos nomes segundo o estado de desenvolvemento dunha mesma especie.

Na Galicia costeira, especialmente nas comarcas máis occidentais, a micofobia está moi desenvolvida. Os cogomelos reciben en conxunto atribucións malignas, disto as súas denominacións pexorativas: pan de lesma, pan de raposa, paraugas do demo, mexacán. Ás veces a fobia chega a extremos de evitar incluso o contacto directo con estes seres.

Este feito contrasta coa abondosidade dos cogomelos no noso país, polo que parece inxustificable un desprezo dun recurso natural directo. Algúns autores xustifican este feito como unha resposta á existencia dalgúns fungos alucinógenos que foron empregados noutrora en ritos e cerimoniais de contacto con deuses pagáns ou polas meigas e adiviñadoras (CASTRO, 2000). Coa posterior implantación de doutrinas monoteístas, este tipo de rituais foron perseguidos polo que se xerou no pobo unha fobia polo consumo dos fungos, indiscriminando tanto comestibles como alucinógenos.

Vestixios do consumo de cogomelos polo noso pobo parécense atopar incluso nos petroglifos, onde algúns autores (EIROA, 2002) recoñecen cogomelos e morfoloxías fúnxicas nas representacións. Tamén o Priscilianismo, moi arraigado na nosa terra, pareceu facer uso dos cogomelos, e non só con fins

gastronómicos, polo que o ser perseguido pola Igrexa, contribuíu aínda máis a fobia xeneralizada polos cogomelos.

Nos últimos anos esta situación está a cambiar rapidamente e o interese polos fungos aumenta, ao menos en parte, por mor dunha maior información e interese polo medio natural (cursos de iniciación á micoloxía, guías de campo axeitadas, constitución de Sociedades Micolóxicas...) e tamén, como non, polos beneficios económicos que comeza a xerar (12 millóns de euros por ano, GARCÍA ROLLÁN, 1999).

OS NOMES DOS COGOMELOS

Aínda que a nosa riqueza léxica referida a fungos non é comparable coa doutras zonas da Península con maior tradición de consumo como é o caso de Cataluña e do País Vasco, topamos un certo volume de termos que podemos agrupar en dúas categorías segundo designen grandes grupos inespecíficos ou pequenos grupos de fungos, algúns a nivel de xénero ou de especie.

-TERMOS NON ESPECÍFICOS

Comezando co máis xeral de todos: **fungo**, do que como xa se indicou na introducción designa a calquera organismo pertencente o reino Fungi. Prové do latín *fungus* e na nosa lingua atopamos a variante **foncho**. A cotío adóitase empregar para nomear os froitos dalgúns fungos, pero para tal condición há-selle de aplicar o termo **cogomelo**.

Cogomelo é o termo máis común na nosa lingua para nomear os froitos visibles de fungos a ollo nu, aínda que ás veces emprégase para se referir a calquera parte dun fungo, mesmo para aquelas que non son froito, ou mesmo excrecencias producidas pola súa actividade. O termo parece ter dúas posibles etimoloxías: do latín *cucuma* (=ola) ou tamén do latín *columella* ou *columella* (=pequena columna) en alusión ao pé alto e esvelto que porta o sombreiro. Existen na nosa lingua as variantes **cugumelo**, **cocomelo** e **co-gumelo**, esta última forma compartida co portugués e exportada a certas zonas de Andalucía e Estremadura como “*gurumelo*”. Tamén se manteñen correspondencias desta forma no catalán (*cogoma*, *cogomella*) e no mediodía francés (*cocoumèl*, *cucumèl*, *cocoumela*, *coucoumelo*, *cougoumèla*).

Entre os non específicos atopamos tamén os pexorativos onde se pon de manifesto a micofobia galega. Así ao termo xeral de **pan**, que indica a posibilidade do seu consumo, vaille seguido un termo que desaconsella a súa inxesta encarnado en animais venenosos (**de cobra**, **de cóbrega**, **de sapo**), astutos e perigosos (**de raposa**, **de lobo**), repulsivos (**de lesma**), mal agoiros (**de curuxa**) ou seres máxicos (**do demo**, **de meigas**).

Tamén vencelladas a morfoloxía máis salientable dos cogomelos, a de paraugas, aparecen os termos de **paraugas** e **pucho**, igualmente seguidos do animal ponzoñento, que simboliza a advertencia do risco do seu consumo: **paraugas de sapo**, **pucho de sapo**.

Noutros casos acontece que o nome para os cogomelos máis frecuentes, en especial para aqueles comestibles con forma de paraugas, emprégase para designar a todo o conxunto. Este é o caso dos termos **chouparra**, **chouparro** (posiblemente derivadas de chaparro, mazaroco), **choupana**, **choupín** (referido á pequena cantidade de algo), **roco**, **roca**, **roquiña** e **xirupato**, que sendo nomes de xéneros e incluso de especies concretas, ás veces empréganse para nomear o conxunto deles. Este uso, o designar o conxunto por unha especie comestible, constitúe unha síntoma de micofaxia, contraposta as denominacións antes expostas.

Tamén na nosa lingua, topamos con termos que nomean o micelio de certos fungos, en especial aquel que recobre superficies de alimentos, vexetais..., como é o caso de **balor** (do latín *pallore*) coa variante **barolo**, que designa o micelio de certos fungos que medran sobre superficies. Como sinónimo deste termo contamos na nosa lingua coa creación expresiva **mofa**, que igualmente designa superficies sobre as que crece o micelio de fungos e que bota a perder os alimentos.

Outras denominacións interesantes fan referencia as agrupación de cogomelos, concretamente o xeito de saíren conxuntamente en forma de curros: **curros de bruxas** ou **de meigas**, vencellando a súa aparición coa dun aquarelle ou dunha reunión de meigas.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ESTRAVIS, I. 1995. *Diccionario Sotelo Blanco da Língua Galega*. Sotelo Blanco Edicións.
- CARBALLEIRA, X.M.; ARES, C.; HERMIDA, C.; IGLESIAS, P.; LEMA, X.M. et LÓPEZ, R. 2001. *Gran Diccionario Xerais da Língua*. Edicións Xerais de Galicia.
- CARBALLEIRA, X.M., ARES, C., HERMIDA, C., IGLESIAS, P., LEMA, X.M. et LÓPEZ, R. 2002. *Diccionario Xerais da Língua*. Edicións Xerais de Galicia.
- CASANOVA OTERO, J.R. 1990. Nomes galegos dos cogomelos. *Boletín das Ciencias. Especial III Congreso*: 54-55.
- CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1990. *Setas ou cogomelos de Galicia*. Colección Montes e Fontes. Ed. Xerais.
- CASTRO, M.L. 2000. *Guía dos cogomelos comúns de Galicia*. Colección Montes e Fontes. Ed. Xerais.
- EIROA, A.A. 2002. ¿Son hongos? *Bol. Soc. Micol. Madrid* 26: 235-238.

- FERNÁNDEZ DE ANA MAGÁN, F.J. et RODRÍGUEZ, A. 2000. *Os Cogomelos nos ecosistemas forestais galegos*. Colección Montes e Fontes. Ed. Xerais.
- FONT QUER, P. 1960. Los hongos de Cataluña y su nomenclatura popular. *Mem. Real Acad. Ci. Barcelona* 33(12): 243-277.
- FREIRE, L., CASTRO, M.L. et PÉREZ FROIZ, M. *Guía de las setas más comunes de Galicia*. Ed. Casa de las Ciencias de A Coruña.
- GARCÍA ROLLÁN, M. 1996. Consideraciones sobre el nombre genérico vulgar de los hongos en Europa. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 21: 353-357.
- GARCÍA ROLLÁN, M. 1999. Conservación de la biodiversidad de hongos superiores (macromicetos) y control de la recogida de setas y trufas. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 24: 221-287.
- GÓMEZ, C. et FRANCO, A. 1992. *Guía didáctica de Fungos e Cogumelos de Galicia*. Ed. Bahía.
- NOIA, M^a.C., CONSTENLA, G., COSTAS, H., BENAVENTE, P., ARIAS, V. et GÓMEZ, M^a. 1997. *Diccionario de sinónimos da Lingua Galega*. Ed. Galaxia.
- PENA, X.A., LÓPEZ, C., ARIAS, V., FERREIRO, M^a.I. et FEIXÓ, X. 2000. *Diccionario Cumio da Lingua Galega*. Edicións do Cumio.
- Real Academia Española. 2001. *Diccionario de la Lengua Española*. Ed. Espasa Calpe.
- RUIZ LEIVA, C. 2000. *Fraseología, dichos y refranes gallegos*. <http://www.andoa.net/paginas/sabermas/articulos/fraseoloxia.html> (18/04/03).
- RUIZ LEIVA, C. 2002. *Micoloxía do Oriente Ourensán*. <http://www.valdeorras.com/Micologia/index.html> (7/03/03).
- SANTAMARÍA, A. 2003. *Diccionario de diccionarios*. Instituto da lingua galega. Xunta de Galicia.